



## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO PRESUPOSTO DE INGRESOS ANO 2018

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2018:

### I.- BASES DE CALCULO

Para o cálculo dos ingresos previstos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2016 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2017.
- 3.- Unha estimación de ingresos para o ano 2018 derivada do acordo plenario de 6 de setembro de 2017.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2018 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiación segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA)

### II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS





## CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Importe
<b>Operacións Correntes</b>		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	107.973.311,88 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	8.435.311,27 €
III	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	38.467.338,63 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	76.526.805,07 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.393.000,00 €
<b>Total ingresos por operacións Correntes</b>		<b>233.795.766,85 €</b>
<b>Operacións de Capital</b>		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIONS REAIS	0,00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	18.545.241,76 €
<b>Total ingresos por operacións de capital</b>		<b>18.545.241,76 €</b>
<b>Operacións financeiras</b>		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	646.000,00 €
<b>Total ingresos por operacións financeiras</b>		<b>646.000,00 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>252.987.008,61 €</b>

## ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2017-2018 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo	Importe 2017	2018	+/- vari. %
1 Impostos directos	105.386.182,34 €	107.973.311,88 €	2,45%
2 Impostos indirectos	7.871.804,00 €	8.435.311,27 €	7,16%
3 Tasas, prezos Públicos e outros ingresos	37.245.569,63 €	38.467.338,63 €	3,28%
4 Transferencias correntes	77.338.950,03 €	76.526.805,07 €	-1,05%
5 Ingresos patrimoniais	2.168.000,00 €	2.393.000,00 €	10,38%
6 Enajenación de inversiones reais	0,00 €	0,00 €	100,00%
7 Transferencias de capital	80.000,00 €	18.545.241,76 €	23081,55%
8 Activos financeiros	646.000,00 €	646.000,00 €	0,00%
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>230.736.506,00 €</b>	<b>252.987.008,61 €</b>	<b>9,64%</b>





Do importe total do presuposto de ingresos (252.987.008,61€) corresponden a operacións correntes 233.795.766,85€ (capítulos I a V), a operacións de capital 18.545.241,76€ e a operacións financeiras 646.000,00€.

## CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 107.973.311,88 € e representa un 42,68 % do total do presuposto.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2018 supón un **incremento do 2,45%** respecto das previsións aprobadas no presuposto de ingresos de 2017.

A previsión do importe da **cesión do IRPF** regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFLL ascende a 5.732.611,88€ millóns de euros, supoñendo un 5,31% do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,27% do total do presuposto e un 2,45% das operacións correntes. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións do **Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana** para o ano 2018 ascenden a 65.390.000,00 euros , as previsións do **Imposto sobre Bens Inmóveis de características especiais (BICES)** ascenden a 2.450.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Rústica , a 50.000 euros

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 26,84% do total do presuposto e un 29,04% das operacións correntes. Incrementábase respecto das previsións aprobadas no presuposto de 2017 nun 2,94% xustificado polo incremento de inmóveis dos Padróns Fiscais de Bens de Natureza Urbana, Rústica e de Características especiais e Acordo Plenario de 6 de setembro de 2017.

As previsións do Imposto sobre **Vehículos de Tracción Mecánica** para o ano 2018 ascenden a 14.550.000,00 euros e representan un 5,75% do total do presuposto e un 6,22% das operacións correntes. Incrementábase a previsión respecto do exercicio 2017 nun 1,75%, xustificado no reaxuste na tributación dos turismos e redución das tarifas de motocicletas segundo o Acordo Plenario de 6 de setembro pasado.

As previsións do Imposto sobre **Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana** para o ano 2018 mantéñense na mesma contía de 6.400.000 euros que a do presuposto vixente representando un 2,53% do total do presuposto e un 2,74% das operacións correntes. Estímase que, para comezo do exercicio 2018, estea aprobado o proxecto legislativo de adecuación da normativa deste imposto á sentenza do Tribunal Constitucional 59/2017 de 11 de maio. Este extremo xunto cunha certa recuperación do mercado inmobiliario xustifican o mantemento da previsión presupostaria do exercicio 2017.

As previsións do **Imposto sobre Actividades Económicas** para o ano 2018 ascenden a 13.400.000,00 euros e representan un 5,30% do total do presuposto e un 5,73% das





operacións correntes, incrementándose as previsións de 2018 respecto do exercicio 2017 nun 1,3%.

## CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 8.435.311,27 € e representa un 3,33% do total do presuposto e un 3,61 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2018 supón **un incremento do 7,16%** respecto das previsións aprobadas no presuposto de ingresos de 2017.

A previsión do importe da **cesión do IVE** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 5.183.394,00 euros. Supón un 2,05 % do total do presuposto e un 2,22% das operacións correntes. Resulta un incremento respecto da previsión do exercicio 2017 dun 0,12%. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da **cesión de Impostos sobre consumos específicos** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 1.651.817,27 euros. Supón un 0,65% do total do presuposto e un 0,71% das operacións correntes. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do **Imposto sobre Construción Instalacións e Obras** para o ano 2018 ascende a 1.600.000 euros e representan un 0,63% do total do presuposto e un 0,68% das operacións correntes. Esta partida mantense na mesma contía que no exercicio 2017.

## CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 38.467.338,63€ e representa un 15,20% do total do presuposto e un 16,45% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2018 supón **un incremento do 3,28%** respecto das previsións aprobadas no presuposto de ingresos de 2017.

As previsións da **Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas** para o ano 2018 ascenden a 5.200.000€ na partida 30200 de lixo comercial e 11.750.000€ na partida 30201 de lixo vivendas. A cifra conxunta de 16.950.000euros representa un 6,70% do total do presuposto e un 7,25% das operacións correntes. As previsións para estas partidas incrementanse un 0.9% respecto das do 2017.

Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o **1,5% dos ingresos brutos** obtidos polas mesmas no





municipio: estímase no importe de 3.100.100€ os ingresos das empresas de electricidade, gas, auga e outros así como en 800.000€ os ingresos procedentes das empresas de telecomunicacións. Permanecen idénticas ao exercicio 2017 as previsións das partidas 33300 e 33309 por estaren os ingresos que se liquidan por estes conceptos en litixios contencioso-administrativos.

#### CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 76.526.805,07€ e representa un 30,25% do total do presuposto e un 32,73% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2018 supón unha redución do 1,05% respecto das previsións aprobadas no presuposto de ingresos de 2017.

A previsión da **Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado** para o ano 2018 ascende a 64.711.034,24 euros e representa un 25,58% do total do presuposto e un 27,68% das operacións correntes. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE), e as cifras que constan como previsión no presente presuposto de 2018 nesas partidas corresponden ás facilitadas pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coa CCAA e EELL para a elaboración do presuposto do ano 2017. O importe desta partida mantense na mesma contía que no presuposto de 2017.

A previsión do importe da **Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma** (PICA) ascende a 6.199.366,92 euros, permanecendo invariable respecto dos anos 2015, 2016 e 2017. Supón un 2,45% do Presuposto Total e un 2,65% das operacións correntes.

#### CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS

Importa este capítulo 2.393.000,00€, un 10,38% máis que no presuposto de 2017. Representa un 0,95% do total do presuposto e un 1,02% do total de operacións correntes.

#### CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2018 de 18.545.241,76€, supoñendo un incremento respecto do exercicio 2017 dun 23.081,55%

O importe das transferencias de capital no presuposto de 2018 supón un 7,33% do total do presuposto.

Nas partidas 76101 A 76114 aparecen reflexados unha serie de convenios coa Deputación de Pontevedra que dan un importe total para o artigo 76 de transferencias de entidades locais de 7.291.693,03€

Nas partidas 79150 A 79158 figuran unha serie de proxectos con financiamento europeo que dan un importe total para o artigo 79 de transferencias do exterior de 11.173.548,73€



DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS

CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO  
DE VIGO



### CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS

Importa este capítulo 646.000 € e representa un 0,26% do total do presuposto e un 100% do total de operacións financieras.

Vigo, outubro de 2017

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:16

Páxina 6 de 6

Expediente 49/142

CSV: 23EE4-4ECA8-C2B3E-43E2D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>